



# IRIBARNE

TEXTO ESTHER F. CARRODEGUAS | DIRECCIÓN XAVIER CASTIÑEIRA

**MÓNICA GARCÍA | JORGE DE ARCOS | ESTHER F. CARRODEGUAS | ANXO OUTUMURO | LIDIA VEIGA | XURXO CORTÁZAR**  
BSO BERTO | COREOGRAFÍA SABELA DOMÍNGUEZ | ESPAZO ESCÉNICO XAVIER CASTIÑEIRA E DIEGO VALEIRAS | AUDIOVISUAIS PABLO FONTENLA | VESTIARIO DIEGO VALEIRAS  
ILUMINACIÓN DIEGO VILAR (EQUIPO CREATIVO RTA) | PRODUCE BUTACAZERO + CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL + MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO (MIT) DE RIBADAVIA



inaem

INSTITUTO NACIONAL DE ENLACE Y COORDINACIÓN

CDN

Centro Dramático Nacional

una coproducción del Centro *#Dramático* Nacional

butacazero

MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

XUNTA DE GALICIA

# IRIBARNE

## FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

**TEXTO** | Esther F. Carrodeguas

**DIRECCIÓN** | Xavier Castiñeira

**ELENCO (por orde alfabética)** | Xurxo Cortázar, Jorge de Arcos, Esther F. Carrodeguas, Mónica García, Anxo Outumuro e Lidia Veiga

**ESPAZO ESCÉNICO** | Xavier Castiñeira e Diego Valeiras

**ILUMINACIÓN** | Diego Vilar - Equipo Creativo RTA

**VESTIARIO** | Diego Valeiras

**MÚSICA E ESPAZO SONORO** | Berto [Dispoñible en [Spotify](#)]

**AUDIOVISUAIS** | Pablo Fontenla

**EDITOR FX** | Antón Miranda

**COREOGRAFÍA E ASISTENTE DE DIRECCIÓN** | Sabela Domínguez

**ASESORAMIENTO COREOGRÁFICO TRADICIONAL** | Artur Puga

**SEGUNDO ASISTENTE DE DIRECCIÓN** | Antonio C. Guijosa

**PRODUCCIÓN** | Esther F. Carrodeguas e Juancho Gianzo

**ASISTENCIA TÉCNICA** | Recursos Técnicos Artísticos (RTA)

**ENTREVISTAS** | Inma López Silva e Pablo Fontenla

**PRODUCCIÓN** | ButacaZero, Centro Dramático Nacional e Mostra Internacional de Teatro (MIT) de Ribadavia

**COLABORA** | AGADIC / Xunta Galicia


Texto escrito no marco do programa Cruces de Camiño Escena Norte (CEN), da Residencia Mariñán e da Residencia de escritura da Sala Beckett 2023

**XÉNERO** | Comedia

**DURACIÓN** | 3 horas cun intermedio de 15 minutos

**IDIOMA** | Galego e castelán

**PÚBLICO** | +16



# NOTA DOS CREADORES

O pasado 2021 andabamos buscando un novo proxecto de investigación dramatúrxica no que nos embarcar cando Manuel Fraga acudiu na nosa axuda. Dalgún xeito, aparecéusenos; non coma unha pantasma, por suposto, senón como tema.

Estaba a piques de se cumprir o centenario do seu nacemento (1922) e, ademais, ían case dez anos do seu falecemento (2012). Esta sorte de redondez das datas parecía querernos dicir que era un bo momento para facermos balance dun político que tivera moitísima importancia nun pasado moi recente pero caera estrepitosamente no esquecemento bastante axiña.

IRIBARNE, ese sería o título. Que bo título, pensamos, que bo título! Emocionámonos imaxinando os carteis da obra coa imaxe de Fraga en Palomares. Pero decidimos frear aqueles pulos irracionais. Estaba claro que non era máis ca unha idea tola, unha paixón de primavera, un namoramento deses que duran dous días, dúas semanas, un verán e nada máis.

Pero xustamente ese verán -o verán do 2021- viaxamos coa nosa furgoneta ata a costa valenciana: ese lugar esmagado por un turismo de masas que non permite intuír o seu celme. Comezamos a nos preguntar se ese que considerabamos o noso "Manoliño" non sería tamén un dos grandes artífices desa intimidante (re)identidade turística na costa oposta.

Si. Se cadra IRIBARNE era, definitivamente, un bo proxecto no que embarcarnos. De costa a costa.

Esther F. Carrodegus e Xavier Castiñeira

# SINOPSE

Iribarne é un tipo nacido na mesma vila de Rouco Varela (si: o cardeal) durante a monarquía de Alfonso XIII (o primeiro promotor do cinema porno en España? Si-si: ese). Emigrado a Cuba con tan só un aniño, coincidindo coa inauguración da ditadura de Primo de Rivera, tras facer as Américas durante un par de anos o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (e o da francesa!). Comeza o bacharelato coa entrada da II República, case se fai cura durante a Guerra Civil, pero decide liscar a Madrid seguindo o rastro doutro galego ilustre nada máis inaugurada a Era do Devandito (abofé que si: o caudillísimo). Con tanto entusiasmo intentou ser coma el que máis cedo que tarde chegou a ser o seu ministro, malia disparar dous días antes contra o cu da súa filla (pero que dis!? Si-si: dato real!). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír o caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Houbo de se conformar co cargo de vicerrei na súa querida terra galega.

IRIBARNE é un intento (irreverente) por comprender como chegamos até aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as verdades sen condón.

Pero ollo: por máis que o poida parecer, isto NON é un biopic sobre Manuel Fraga. Teríanos encantado facelo... pero non collía nunha soa obra!



# XIRA 2024 | DATAS CONFIRMADAS

Vilalba | Auditorio Municipal Carmen Estévez  
Sábado 13 xaneiro | 19.00 h | [Entradas](#)

**ESTREA EN GALICIA**

Santiago de Compostela | Auditorio de Galicia  
Sábado 20 xaneiro | 19.00 h | [Entradas](#)

Miranda del Ebro | Teatro Apolo  
Venres 26 xaneiro | 20.30 h | [Entradas](#)

Pontevedra | Pazo da Cultura de Pontevedra  
Xoves 8 febreiro | 20.00 h

Barco de Valdeorras | Teatro Municipal Lauro Olmo  
Venres 23 febreiro | 21.00 h

Vilagarcía de Arousa | Auditorio Municipal  
Sábado 24 febreiro | 20.00 h

A Coruña | Teatro Rosalía de Castro  
Venres 15 e sábado 16 marzo | 20.30 h | [Entradas](#)

Lugo | Auditorio Municipal Gustavo Freire  
Xoves 11 abril | 20.30 h | [Entradas](#)

Tomiño | Auditorio Municipal de Goián  
Sábado 20 abril | 21.00 h | Entradas á venda unha hora antes da función na billeteira do Auditorio

Ourense | Auditorio Municipal de Ourense  
Sábado 27 abril | 20:30 h | [Entradas](#)


Cangas | Auditorio Municipal de Cangas (Auditorio Xosé Manuel Pazos)  
Sábado 4 maio | 20.00 h | [Entradas](#)


Bilbao | Teatro Arriaga  
Xoves 9 maio | 19.30 h | [Entradas](#)

Narón | Pazo da Cultura  
Sábado 18 maio | 20.00 h | [Entradas](#)

Vitoria | Teatro Principal de Vitoria  
Venres 7 xuño | 19.30 h | [Entradas](#)

Ribadavia | Auditorio do Castelo  
MIT Ribadavia 2024 (19-27 xullo) [Data por confirmar]





# MÁIS CA TEATRO

## MÚSICA



O produtor musical Berto é o creador da banda sonora orixinal da obra, que inclúe o single WHO THE F\*CK IS IRIBARNE?

## ENTREVISTAS



Na canle de YouTube de Butacazero hai material extra que complementa a peza teatral. As persoas interesadas poden acceder a tres entrevistas feitas durante o proceso de investigación teatral a Manuel Rivas, a Xesús Palmou e mais a Encarna Otero. Este material foi deseñado pola xornalista e escritora Inma López Silva e conta coa realización de Pablo Fontenla.

## LIBRO



A edición galega do texto teatral chega ás librarías da man de Edicións Positivas.

# BIOS





## ESTHER F. CARRODEGUAS

AUTORA, ACTRIZ E PRODUTORA  
(Rianxo)

ESTHER F. CARRODEGUAS é actriz, directora, performer e, sobre todo, escritora. Asenta o seu currículo vital entre as letras, o audiovisual e o teatro. O seu estilo cabalga sobre os lindes que separan os xéneros. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia e licenciada en Xornalismo entre Santiago de Compostela e Turín, os seus proxectos teatrais beben da súa faceta periodística. Cunha decena de obras teatrais publicadas, os seus textos foron estreados ben na súa propia plataforma profesional (ButacaZero), ben noutras compañías privadas (De Ste Xeito, Outubro Producións) ou públicas (Centro Dramático Galego, Teatro Español ou Centro Dramático Nacional). Precisamente no 2021 foi escollida para desenvolver unha das residencias dramáticas que outorga o CDN, onde escribiu o texto *Supernormales*, co que foi finalista nos Premios MAX 2023 na categoría de Mellor Autoría e que foi, sen dúbida ningunha, un dos grandes éxitos da pasada tempada para o público e mais para a crítica.



# XAVIER CASTIÑEIRA

DIRECTOR

(A Coruña)

XAVIER CASTIÑEIRA é licenciado en Dirección de Escena pola RESAD de Madrid e posúe un mestrado en Teatro e Artes Escénicas pola Universidade de Vigo. Tamén realizou estudos de Filoloxía Hispánica pola USC. Actualmente cursa o doutorado na UCM, investigando aspectos neurobiolóxicos nos procesos de recepción escénicos. Desde os seus comezos no mundo do teatro compaxinou o seu labor creativo co docente, impartindo desde 1988 aulas en diversos grupos afeccionados e en obradoiros regulares de interpretación, dirección ou investigación escénica. No ano 2011 incorpórase ao corpo de profesorado da ESAD de Galicia. Dirixiu unha vintena de obras de teatro, entre elas case todas as de ButacaZero, pero tamén para compañías como Goliardos, Mairitz, La Escuela de Música Creativa, Outumuro Producións ou De Ste Xeito.




# XURXO CORTÁZAR

ACTOR

(Pontevedra)

Logo de pasar pola Aula de Teatro Universitario de Pontevedra, comeza a súa andaina profesional en 1996 con Migallas Teatro. A partir daquela estaría máis de 20 anos xirando por toda a Península Ibérica con compañías especializadas en público infantil e familiar como Galitooon, Artestudio Teatro, Baobab Teatro ou Os Monicreques de Kukas, entre outras. Ademais, compaxinou a interpretación con tarefas de produción e dirección artística en diferentes festivais e actividades.

No 2017 produce e protagoniza o monólogo *Desconexión*, escrito e dirixido por Santiago Cortegoso. No 2020 estrea *El premio*, con La Quintana Teatro, polo que recibe o Premio Dorotea Bárcena ao Mellor Actor na 32 edición do FETEGA. No 2021 estrea con ButacaZero *32 m<sup>2</sup>*, traballo polo que foi candidato ao premio ao Mellor Actor Protagonista nos María Casares dese ano. No 2022 formou parte do elenco d'*A peste*, do Centro Dramático Galego (CDG), con dramaturxia e dirección de Cándido Pazó, e no mesmo ano estrea *Backup. A resurrección de Nuno*, con De Ste Xeito Producións. No 2023 foi integrante do elenco de *Shakespeare en Roma*, a partir de textos de William Shakespeare, producida polo CDG.



## JORGE DE ARCOS

ACTOR

(Vigo)

É actor, ilustrador, performer e improvisador. Licenciado en interpretación pola ESADG (Escola Superior de Arte Dramática de Galicia), onde tamén cursou escenografía. Formado en dobraxe e locución audiovisual pola USC e ante a cámara en Actores Madrid.

Traballou para directoras e directores de teatro como Ana Vallés e Baltasar Patiño (*DAIMON y la jodida lógica*, 2019 -con 2 candidaturas aos Premios MAX- e *Antes da metralla*, 2017), AveLina Pérez (*Honey Rose*, 2016) e Mónica Sueiro (*Variacións dun soño sen título*, 2015, *Turandot*, 2013 e *Arribada do Descubrimiento*, 2013) entre outros.

En cinema participou en películas como *Tratamos demasiado bien a las mujeres*, de Clara Bilbao e *Apocalipsis Z: El comienzo del fin*, de Carles Torrens, e mais en numerosas curtas (*Cans de ferro*, *Novo inferno*, *Lúa morna*, *Heliótopo*, *Canibalismo*) Tamén participou en varias series web. En televisión participou en series como *Operación: Marea negra* e *Los enviados*, e ocasionalmente traballa como actor de dobraxe.

Gañou, xunto a Arturo Cobas, o IMPROMAXÍN 2021, primeiro campionato galego-portugués de improvisación. Continúa a formarse da man de distintas profesionais, mestras do corpo e da voz. Posúe experiencia como cantante, animador, zancudo, teatro de rúa, commedia dell'arte, manipulación de monicreques, teatro físico e narración oral, eido no que actualmente ten un dúo co actor Santi Prego, con quen inventa historias.



# MÓNICA GARCÍA

ACTRIZ

(Luarca, Asturias)

Foto: Geraldine Le Loutre

Intégrase no Grupo Chévere no ano 1991, co que participa nos espectáculos *Big bang*, *Río Bravo* e *Cabaré Tan Tan*, entre outros, e acompaña os empezos da Sala Nasa. Coa mesma compañía formou parte tamén do elenco de *Citizen*, *Eurozone*, *Viaxe ao país dos ananos*, *Divinas Palabras Revolution* e actualmente d'*As fillas bravas* e *Nevermore*. É ademais integrante do equipo base das *Ultranoites*. Ao longo da súa carreira traballou con outras compañías como *Espello Cóncavo*, *Compañía Marías*, *CDG*, *Ollomoltranvía*, *Factoría Teatro*, *Redrum Teatro* ou agora *ButacaZero*.

No ámbito audiovisual, interpretou personaxes fixos nas series *Pratos combinados*, *Valderrei* -na que foi protagonista-, *Lobos e cordeiros* ou *Los argonautas*, e personaxes episódicos en moitas series da TVG e nalgunhas de ámbito nacional como *Cuéntame*. En cinema, actuou en películas como *A esmorga*, *One day in Europe*, *Para que no me olvides*, *Los lunes al sol* ou *El lápiz del carpintero*.

Sempre compaxinou o seu labor profesional coa formación, e realizou numerosos cursos con mestres como Augusto Fernandes, Will Keen, Helena Pimenta, Philippe Gaulier, Gracia Querejeta, Jango Edwards, Ernesto Caballero, etc. Foi galardoada cos premios Mellor Actriz do Festival de Curtametraxes de Sada, Mellor Actriz no FETEGA e Premio Agapi como Mellor Intérprete Feminina. Foi nomeada en sete ocasións aos Premios María Casares e gañounos en tres delas.

# ANXO OUTUMURO

ACTOR

(Ourense)

Titulado en Interpretación Textual pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Complementa a súa formación profesional en teatro físico e xestual con cursos de commedia dell'arte en Italia con diferentes compañías, en clown con Rui Paixão e tamén en loita escénica con Martin Volldamn. Ademais, ten participado a miúdo en cursos de creación escénica e interpretación con compañías internacionais como Sutottos ou Los Colochos.

No 2022 fundou unha compañía teatral de seu, Barrosanta, e estreou o espectáculo unipersonal *Ragazzo*, o multipremiado texto de Lali Álvarez dirixido por Xavier Castiñeira, polo que recibiu unha nominación a Mellor Actor Protagonista nos Premios María Casares.

Ademais, colabora como actor con Inventi Teatro dende o 2019 en *A tropa do Dr Milagre*, espectáculo de rúa para todos os públicos. Actualmente tamén xira en concellos e, sobre todo, en institutos de Galicia con *Soños*, unha obra dirixida por Tamara Cana e escrita por Fernando Epelde, dirixida ao público adolescente sobre a situación de mozos que viven en pisos tutelados e que produce Culturactiva en colaboración con Igaxes, ONG que traballa no sector da educación e do traballo social.

Tamén participou no 2022 en *Backup. A resurrección de Nuno*, unha comedia de De Ste Xeito Producións, escrita por Pilar G. Almansa.

No eido audiovisual destaca a súa participación na longametraxe *Maria Solinha*, último filme de Ignacio Vilar. En televisión, participou en series como *Motel Valquirias* ou *El desorden que dejas*, dirixida por Carlos Montero e producida por Vaca Films para Netflix.

# LIDIA VEIGA

ACTRIZ

(Arzúa)



Licenciada pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia na especialidade de Interpretación Xestual. Nestes últimos anos traballou en obras de teatro como *#Camiños*, de ButacaZero, *O premio*, de Quintana Teatro; en series de televisión como *A lei de Santos* ou *Método criminal*, producidas pola televisión autonómica galega; en curtametraxes como *Onde dormen as gaivotas*, *O que queda de nós* ou *Sandwitch Cat*, a nova curtametraxe de animación de David Fidalgo; e tamén en documentais como *Mariví, na pel da memoria* ou *Os espazos en branco*, entre outros.

Recibiu premios á mellor interpretación feminina en diferentes festivais e estivo nomeada aos Premios Mestre Mateo como Mellor Actriz de Reparto.

Traballou tamén de actriz de simulación en cursos de emerxencias obstétricas para o Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo e formou parte do equipo de diferentes performances de pequeno formato como creadora e intérprete. Tamén traballa como profesora de teatro en asociacións culturais e centros educativos, como actriz de dobraxe en diferentes estudos de toda Galicia e como locutora e creadora de contido no podcast e programa de radio semanal *O exército Mekemeke*.

No 2023 estreou traballos como *Los argonautas* (serie infantil producida por Portocabo, RTVE e ClanTV) ou películas como *Matria*, de Álvaro Gago, *El tirabeque*, de Darío Aufrán, ou *Cando toco un animal*, de Anxo Filgueira, a súa primeira longametraxe como actriz protagonista. Ese mesmo ano formou parte tamén do elenco da obra *Un hotel de primeira sobre o río*, unha produción do Centro Dramático Galego xunto á compañía Elefante Elegante.

# butacazero

ButacaZero é a plataforma creativa posta en marcha por Esther F. Carrodegua e Xavier Castiñeira. Con propostas como *Voaxa* e *Carmín*, *#camiños*, *Despois das ondas*, *32m*, *Pagagena* ou *O único que verdadeiramente quixen toda a vida é ser delgada*, a compañía sitúase como un referente do teatro contemporáneo no panorama escénico galego. As súas creacións concréntanse en dramaturxias feitas á medida, nas que a tradición teatral se mestura coas linguaxes contemporáneas.





# IRIBARNE

## CONTACTO DE PRENSA

### The Office Comunicación

Bea Pérez  
604 070 409  
bea@theofficeco.es

Luisa Castiñeira  
630 223 255  
luisa@theofficeco.es

## PRESS KIT

<https://cutt.ly/Iribarne>